

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 13 de setembro de 2010 pola que se convocan premios á innovación educativa para profesorado de centros educativos de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

As necesidades da sociedade e os cambios na concepción actual dos procesos de ensino-aprendizaxe precisan que o sistema educativo fomente a participación nos procesos de innovación e investigación co propósito de introducir novidades e renovar a práctica docente como elemento de mellora.

Ao mesmo tempo, a eficacia da educación depende en gran medida da capacidade do profesorado e do sistema educativo para renovarse de acordo coas novas demandas sociais, as circunstancias sempre cambiantes do alumnado, os novos coñecementos científicos e didácticos e os correspondentes métodos e instrumentos utilizados que potencien o achegamento do sistema educativo á realidade social.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria valora aquelas experiencias innovadoras que se están desenvolvendo nos centros educativos galegos e que supoñan unha mellora da calidade do ensino, en especial no fomento do plurilingüismo, no uso das tecnoloxías da información e da comunicación e na atención á diversidade en todas as súas vertentes a través do traballo por competencias, as cales están recollidas na normativa pola que se regulan os currículos educativos de ensino non universitario.

Por todo o exposto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto da convocatoria.*

O obxecto desta orde é a convocatoria de premios ao profesorado pertencente a centros educativos de

ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, a título individual ou en grupo (4 persoas como máximo), que elabore e desenvolva experiencias educativas cos materiais presentados ao premio, nas seguintes categorías e modalidades:

Premios a materiais, recursos e/ou ferramentas realizados polo profesorado:

Categorías:

1. Profesorado que imparta docencia no curso 2009-2010 nas etapas de educación infantil e/ou educación primaria.

2. Profesorado que imparta docencia no curso 2009-2010 nas etapas das educación secundaria obrigatoria e/ou bacharelato.

Modalidades: dentro de cada categoría establécense as seguintes modalidades:

A. Fomento do plurilingüismo: materiais e/ou ferramentas dirixidos á potenciación das linguas estranxeiras, á aprendizaxe dunha segunda lingua en calquera área ou materia do currículo con base en metodoloxías CLIL ou no fomento da interculturalidade.

B. Introducción das competencias básicas na aula dixital: materiais e/ou ferramentas baseadas nas TIC que introduzan cambios curriculares ou metodolóxicos.

C. Atención á diversidade: materiais e/ou ferramentas de reforzo educativo que favorezan a accesibilidade ao currículo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Artigo 2º.-*Número de premios e dotación económica.*

1. Os premios regulados nesta orde serán atendidos con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.423B.640.4 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dos orzamentos de 2010, por un importe total de 168.000 €, e terán os seguintes importes e distribución:

Categoría	Modalidade	Premios por modalidade	Importe do premio	Importe por categoría	Importe todas as categorías
1 e 2	A, B e C	Un 1º premio	6.000 €	18.000 €	36.000 €
		Tres 2º premios	4.000 €	36.000 €	72.000 €
		Cinco 3º premios	2.000 €	30.000 €	60.000 €
Totais					168.000 €

2. Os premios poderán ser declarados desertos. Con carácter excepcional e por acordo motivado da comisión de selección, o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá determinar a redistribución da contía de premios declarados desertos entre algunha das outras modalidades ou categorías da convocatoria.

Artigo 3º.-*Prazo de presentación.*

As solicitudes deberán presentarse no prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte

te ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Artigo 4º.-Presentación de solicitudes e documentación.

Para participar nesta convocatoria será necesaria a presentación da seguinte documentación:

a) Instancia dirixida ao director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa asinada polo autor ou, se é o caso, polo/a coordinador/a responsable do grupo, segundo o modelo do anexo I desta orde.

b) Certificación, do/a director/a do centro educativo en que estea destinado cada docente, que deberá incluír o DNI e NRP, acreditativa de que o autor ou cada membro do grupo presta os seus servizos como persoal docente no devandito centro ou de que estivo destinado nel durante a realización da experiencia. Redactarase segundo o modelo que figura no anexo II.

c) Declaración xurada ou promesa de estar en posesión dos dereitos de publicación, distribución e uso da totalidade da experiencia, materiais ou produtos presentados, de que son inéditos e de que non foron premiados ou se obtivo bolsa por eles con anterioridade, nin sufragados pola Xunta de Galicia ao abeiro doutros programas, segundo o modelo que figura no anexo III. No caso de que os autores non dispoñan da plena titularidade dos dereitos do traballo presentado, terán que achegar un escrito asinado polos posuidores deses dereitos en que declaren a aceptación das bases deste concurso.

d) Autorización, se é o caso, para o uso da imaxe de menores segundo o modelo que figura no anexo IV.

e) Memoria descritiva da experiencia, materiais educativos ou proxectos que presentan.

f) Material que presenta en soporte óptico (CD-Rom ou similar), claramente etiquetado.

Os aspirantes deberán presentar o traballo por duplicado (unha copia en soporte papel e outra en CD-Rom ou similar), no rexistro xeral da Xunta de Galicia, nos rexistros provinciais dos departamentos territoriais da Xunta de Galicia ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de acordo coas condicións establecidas no citado precepto. No caso de proceder ao envío nunha oficina de correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e cuñada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

De conformidade co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo

común, cando non se achegue a documentación exixida, as persoas ou centros interesados serán requiridos para a súa presentación nun prazo máximo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da notificación efectuada. De non facelo, daranse por desistidos da súa petición.

Presentada a solicitude, examínase para ver se reúne os requisitos exixidos e se se xunta a preceptiva documentación, e en caso contrario requirirase o solicitante para que, no prazo de dez días, emende e/ou complete os documentos e/ou datos que deben achegarse, advertíndolle que, se así non o fixer, terase por desistido da súa petición e procederase ao seu arquivo logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 5º.-Características da memoria descritiva.

1. Presentaranse dúas copias: unha en soporte óptico (CD-Rom ou similar) e outra en papel, coa memoria descritiva da experiencia educativa, materiais ou proxecto, cunha extensión máxima de 33.000 caracteres (espazos incluídos). Numeraranse as páxinas na parte inferior dereita.

A súa estrutura axustarase ao seguinte esquema:

a) Portada: título, autor ou autores, centro ou centros, sinopse do traballo en catro liñas, delimitación de campo de traballo (ciclo, curso, áreas ou materias), categoría e modalidade pola que se presenta.

b) Índice con ligazóns activas.

c) Guía didáctica: xustificación, obxectivos, contidos, metodoloxía, temporalización, organización de espazos e de tempos, actividades, plan de avaliación (indicadores e incidencia na práctica educativa).

d) Mecanismos establecidos para a coordinación, no caso de varios participantes dun só centro ou de varios centros.

2. Poderanse presentar outros materiais complementarios que se consideren de interese (escritos, gráficos, audiovisuais, etcétera), no soporte que se considere oportuno, preferiblemente en soporte óptico.

Artigo 6º.-Requisitos xerais dos materiais, recursos e proxectos.

1. Os materiais, recursos, ferramentas e proxectos que se presenten por calquera das modalidades deberán reunir os seguintes requisitos xerais:

a) Os traballos presentados individualmente ou en grupo deberán ser orixinais, inéditos e non premiados nin subvencionados con anterioridade.

b) Os traballos poderán ser redactados e presentados en calquera das linguas oficiais da Comunidade

Autónoma de Galicia, agás as actividades e contidos directamente dirixidos ao alumnado que versen sobre as materias de lingua castelá e literatura, que deberán estar en castelán, lingua e literatura galega, que deberán estar en galego, e lingua estranxeira, que deberán estar no idioma estranxeiro obxecto do traballo. En todo caso, a memoria descritiva deberá estar obrigatoriamente redactada en galego ou castelán.

c) Deberán ter sido experimentados nas aulas ou nos centros e supoñer innovacións curriculares, metodolóxicas ou organizativas, así como ser coherentes coa normativa establecida pola Xunta de Galicia.

d) O material presentado non poderá incluír publicidade de empresas, produtos ou servizos comerciais.

e) Os materiais presentados en que aparezan menores deberán acompañarse obrigatoriamente da correspondente autorización (anexo IV) para o uso da súa imaxe asinada polos pais, tutores ou representantes legais dos menores.

f) En todos os materiais educativos eliminaranse os estereotipos sexistas ou discriminatorios e fomentaranse o igual valor de homes e mulleres.

g) No caso de que os autores non dispoñan da plena titularidade dos dereitos do traballo presentado, terán que achegar un escrito asinado polos posuidores destes en que aceptan as bases deste concurso.

O feito de que un produto necesite para o seu funcionamento e libre distribución software propietario-comercial e/ou dereitos que non poidan ser cedidos polo concursante, será motivo suficiente para a súa exclusión do concurso.

2. Dos materiais multimedia presentados entregárase unha copia en soporte óptico (CD-Rom ou similar) e incluírán os códigos fonte.

Artigo 7º.-Comisión de selección.

1. As experiencias, os materiais e os proxectos presentados que se axusten a esta convocatoria serán valorados por unha comisión presidida polo director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue, e integrada por 4 vogais, con categoría de subdirector xeral, xefe do servizo ou asesoras e asesores da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, un dos cales actuará como secretario/a con voz pero sen voto.

2. A comisión, se é o caso, poderá contar co asesoramento de especialistas así como con informes da inspección educativa e/ou dos centros de formación e recursos, solicitados previamente pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Artigo 8º.-Criterios de valoración.

Con carácter xeral para todas as categorías:

-Adecuación, coherencia e cohesión do traballo respecto ás características requiridas nesta convocatoria, ata 1 punto.

-Achegas innovadoras da experiencia, ata 2 puntos.

-A potencialidade para favorecer a adquisición das competencias básicas, ata 2 puntos.

-Emprego das TIC, ata 2 puntos.

-Relación dos recursos elaborados coa súa posta en práctica na aula/centro, ata 1 punto.

-Adecuación dos mecanismos de seguimento e avaliación e a súa incidencia na mellora educativa na aula/centro, ata 1 punto.

-Posibilidade da implantación da experiencia noutros centros, ata 1 punto.

-A calidade da investigación ou avaliación previa que lle dea fundamento ao traballo, ata 2 puntos.

-O deseño pedagóxico, relevancia e volume dos contidos, así como cantidade de exemplos, exercicios e suxestións de diferentes aplicacións didácticas na aula, ata 2 puntos.

-A estrutura do material que permita a gradación da aprendizaxe en diferentes niveis e propostas pedagóxicas que ofrezan distintos niveis de aprendizaxe, ata 1 punto.

Artigo 10º.-Resolución.

1. A comisión de selección, unha vez estudadas as solicitudes presentadas, emitirá unha proposta provisional de resolución. Esta proposta provisional poderá consultarse no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no seguinte enderezo electrónico: <http://www.edu.xunta.es>.

2. A partir do día seguinte ao da publicación desta proposta, que lles será comunicada aos solicitantes a través do correo electrónico, abrirase un prazo de cinco días naturais co fin de que se poidan presentar cantas alegacións se consideren oportunas. Unha vez revisadas as reclamacións a comisión elevará a proposta definitiva á persoa titular da consellería para a súa resolución e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Contra esa resolución, que porá fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*,

segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

3. As solicitudes enténdense desestimadas por silencio administrativo no caso de non seren resoltas no prazo de seis meses desde que remata o prazo de presentación.

Artigo 11º.-*Certificación.*

Os traballos premiados serán recoñecidos pola Administración educativa como actividades de innovación educativa, ao abeiro do artigo 28 da Orde do 1 de marzo de 2007, pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e das titulacións (DOG do 11 de abril), cunha equivalencia de 50 horas de formación permanente do profesorado.

Nas autorías colectivas, as 50 horas de equivalencia en formación do profesorado distribuiranse entre o profesorado para o que se declare unha participación igual ou superior ao 20%, segundo as porcentaxes declaradas na solicitude, cunha certificación individual non inferior a 10 horas.

Artigo 12º.-*Pagamento dos premios.*

1. O pagamento do importe correspondente aos premios farase con base no seguinte procedemento:

Por transferencia bancaria a nome do autor ou autora se o traballo é individual. No caso de que sexa colectivo, o pagamento farase a todos os integrantes do grupo segundo as porcentaxes de participación declaradas na solicitude. Para iso, os premiados deberán presentar fotocopia do seu DNI e certificación bancaria dunha conta da súa titularidade.

2. Os premios están suxeitos á retención fiscal, de acordo co establecido no artigo 75.2º c) do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo (BOE nº 78, do 31 de marzo).

3. Os destinatarios/as dos premios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 13º.-*Difusión e publicación das experiencias, materiais e proxectos.*

A presentación a esta convocatoria implicará, no caso dos traballos premiados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión a favor da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dos dereitos de edición.

No caso de que os autores decidisen publicar os traballos premiados por outras vías, deberán solicitar o permiso correspondente á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. De ser a resposta positiva, na publicación deberá constar expresamente o premio de que foi obxecto.

Os autores/as quedarán comprometidos a realizaren as modificacións precisas nos documentos finais e/ou subministrar os ficheiros de código fonte necesarios para que poidan ser publicados total ou parcialmente no formato máis axeitado.

Artigo 14º.-*Retirada da documentación.*

Os interesados ou os seus representantes poderán retirar a documentación dos traballos non premiados na Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, no prazo de catro meses a partir da publicación da resolución de concesión desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o citado prazo procederase á súa destrución, agás os que sexan obxecto de recurso.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Delegación de competencias.

Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para ditar as disposicións necesarias no desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Recursos.

Contra esta orde poderase recorrer, mediante o recurso potestativo de reposición, perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación. A orde tamén poderá ser directamente impugnada ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO PREMIOS Á INNOVACIÓN EDUCATIVA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED313E	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

O profesorado que figura na seguinte relación solicita a súa participación no concurso convocado pola Orde do _____ da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Categoría: Infantil e/ou primaria
 Secundaria e/ou bacharelato

Modalidade: A B C

TÍTULO DO TRABALLO

COORDINADOR/A

APELIDOS	NOME	NIF	NRP
ENDEREZO			
CONCELLO		CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
CENTRO EDUCATIVO		CÓDIGO DO CENTRO	
CORREO ELECTRÓNICO PERSOAL		PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN	
		@edu.xunta.es	

OUTROS/AS PARTICIPANTES

APELIDOS	NOME	NIF	NRP
PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN	CENTRO EDUCATIVO	CORREO ELECTRÓNICO PERSOAL	
		@edu.xunta.es	
APELIDOS	NOME	NIF	NRP
PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN	CENTRO EDUCATIVO	CORREO ELECTRÓNICO PERSOAL	
		@edu.xunta.es	
APELIDOS	NOME	NIF	NRP
PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN	CENTRO EDUCATIVO	CORREO ELECTRÓNICO PERSOAL	
		@edu.xunta.es	

_____, de _____ de _____

Sinatura dos/as participantes

(*) Os datos persoais recollidos serán tratados co seu consentimento informado nos termos do art. 5 da Lei orgánica 15/1999. De conformidade cos principios dispostos nela, poderase exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 13 de setembro de 2010 pola que se convocan premios á innovación educativa para profesorado de centros educativos de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ REVISADO E CONFORME _____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO SOLICITANTE _____ _____, de _____ de _____		

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela

ANEXO II

MODELO PARA CERTIFICAR A PERTENZA AO CENTRO DO AUTOR/A OU COAUTORES/AS

Don/Dona como director/a do centro
 do concello de
Código

CERTIFICO
Que as persoas que figuran a continuación teñen vinculación con este centro, como profesorado deste durante o curso académico 2009/2010.

Nome e apelidos:	<input type="text"/>	NIF:	<input type="text"/>
Nome e apelidos:	<input type="text"/>	NIF:	<input type="text"/>
Nome e apelidos:	<input type="text"/>	NIF:	<input type="text"/>
Nome e apelidos:	<input type="text"/>	NIF:	<input type="text"/>

_____, de _____ de _____

SINATURA E SELO DO CENTRO (*)

(*) Os datos persoais recollidos serán tratados co seu consentimento informado nos termos do artigo 5 da Lei orgánica 15/1999. De conformidade cos principios dispostos nela, poderase exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro.

ANEXO III

MODELO DE CERTIFICADO DE ORIXINALIDADE

Don/Dona	<input type="text"/>	NIF:	<input type="text"/>
Don/Dona	<input type="text"/>	NIF:	<input type="text"/>
Don/Dona	<input type="text"/>	NIF:	<input type="text"/>
Don/Dona	<input type="text"/>	NIF:	<input type="text"/>

DECLARAN

Estar en posesión dos dereitos de publicación, distribución e uso da totalidade da experiencia, materiais ou produtos presentados; que o traballo presentado é orixinal, non comercializado nin premiado con anterioridade; que posúen os dereitos e licenzas necesarios de uso e de reprodución do código, texto, imaxes, fontes tipográficas e recursos multimedia incluídos nel.

AUTORIZAN

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, no caso de seren premiados, a que reproduza, publique ou aloxe nos seus servidores de información o traballo presentado.

_____, de _____ de _____

O AUTOR/OS AUTORES
SINATURA (*)

(*) Os datos persoais recollidos serán tratados co seu consentimento informado nos termos do artigo 5 da Lei orgánica 15/1999. De conformidade cos principios dispostos nela, poderase exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro.

ANEXO IV

SOLICITUDE DE PERMISO PARA UTILIZAR A IMAXE DE MENORES (*)

Don/Dona con NIF

e con domicilio en do concello de

código postal provincia pai/nai/titor de ,

alumno/a do centro con DNI⁽¹⁾ .

AUTORIZA o equipo de traballo coordinado por don/dona

á publicación da imaxe do seu fillo/a e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no caso de seren en premiados, para que reproduza, publique ou aloxe nos seus servidores de información o traballo presentado.

Este material didáctico está exclusivamente suxeito a un uso educativo e non comercial. As accións e produtos derivados da súa utilización non poderán, en consecuencia, xerar ningún tipo de lucro.

_____ , de _____ de _____

SINATURA

(*) Os datos persoais recollidos serán tratados co seu consentimento informado nos termos do artigo 5 da Lei orgánica 15/1999. De conformidade cos principios dispostos nela, poderase exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro.

(1) No caso de que o teña.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 13 de setembro de 2010 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas no Programa para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego, regulado na Orde do 27 de abril de 2010.

A Orde do 27 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (*Diario Oficial de Galicia* nº 82, do 3 de maio), establece na súa disposición adicional sexta, en que se recollen os créditos que financian a orde, que estes importes poderán ser obxecto de modificacións, como consecuencia da asignación ou da redistribución de fon-

dos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro do programa para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego regulado no anexo A da dita orde, coa finalidade de facelas chegar ao maior número de entidades beneficiarias posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro do Programa para a promoción